

BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE ACOPLAMENTO INTERNO DO PERSOAL DE XESTIÓN E SERVIZOS

Primeira.- Requisitos dos aspirantes.

1.1 Poderán optar ao concurso interno de acoplamento o persoal estatutario, laboral ou funcionario con praza en propiedade no Complexo Hospitalario Universitario de Santiago, que se atope en situación de servizo activo ou con reserva de praza e que ostente a categoría profesional requirida para o desempeño do posto que se convoca e ao que opta.

1.2 Mantéñense en servizo activo, podendo concursar validamente, quenes se atopen en comisión de servizos, promoción interna temporal, disfrute de vacacións ou permisos e situación de incapacidade temporal.

1.3 Asimesmo poderán participar no acoplamento os que se atopen en situación de servizos especiais, excedencias maternais ou calquera outra situación que conleve o dereito á reserva de praza.

1.4 A participación voluntaria no concurso interno de acoplamento leva consigo a obrigatoriedade de asumir, integramente, a realización das funcións e tarefas que están asignadas ao posto de traballo ao que se accede en virtude do mesmo coa fin de manter a plena funcionalidade dos servizos.

1.5.- Tódolos requisitos enumerados na presente base deberán posuírse na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

Segunda.- Solicitudes e documentación.

Os interesados en participar na convocatoria deberán de presentar solicitude, segundo modelo de instancia que se xunta como Anexo II, que estará á súa



disposición na Dirección de Recursos Humanos e Relacións Laborais do Complexo, a través dos mandos intermedios de cada unha das áreas convocadas así como na páxina web do centro; debendo achegar ademais, xunto coa solicitude, copia simple do documento nacional de identidade así como os documentos orixinais ou debidamente compulsados dos méritos alegados e baremables segundo o disposto no Anexo III da Resolución de convocatoria. Exceptúase da obriga de aportación o certificado de servizos prestados no ámbito do C.H.U.S.

Valoraranse exclusivamente os méritos causados até o día inmediatamente anterior ao da publicación da convocatoria nos taboleiros de anuncios dos centros dependentes do Complexo. A documentación acreditativa de tales méritos, orixinais ou copia compulsada, deberá ser achegada necesariamente xunto coa solicitude de participación e non será, en ningún caso, susceptible de emenda nun momento posterior.

Terceira.- Prazo e lugar de presentación de solicitudes.

O prazo de presentación de solicitudes será de trinta días naturais, contados a partir do día seguinte ao de publicación da presente convocatoria nos taboleiros de anuncios dos centros dependentes do complexo.

As solicitudes presentaranse, xunto coa documentación a aportar sinalada na base segunda, no Rexistro habilitado ao efecto na Secretaría da Dirección de Recursos Humanos e Relacións Laborais do complexo e demais lugares previstos no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común.

Será causa de inadmisión no citado procedemento a presentación extemporánea da solicitude polo interesado.

Cuarta.- Comisión Mixta.

Para a resolución do concurso interno de acoplamento constituirase unha Comisión Mixta integrada por catro membros da Administración e catro da



representación dos traballadores. A presidencia da Comisión será exercida pola Directora de Recursos Humanos e Relacións Laborais do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago ou persoa en quen delegue. Os acordos da Comisión serán adoptados por maioría simple, admitíndose o sistema de voto delegado, e dirimindo os empates o voto do Presidente. Para a válida adopción de acordos, requírese un quórum de asistencia ás xuntanzas do citado órgano, da metade máis un dos membros que o compoñen.

Son competencias da Comisión Mixta:

1. Resolver con carácter xeral calquera incidencia ou aclaración que se produza durante o procedemento do concurso interno de acoplamento.
2. Baremar as solicitudes presentadas, para o que poderán acordar a constitución dunha Subcomisión, tamén paritaria, que actuará por delegación daquela aos únicos efectos de baremación do concurso interno de acoplamento.
3. Elevar a proposta de resolución definitiva do concurso interno de acoplamento ao Xerente Xeral do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago para a súa publicación nos taboleiros de anuncios.
4. Resolver, de ser o caso, as reclamacións formuladas contra a resolución provisoria do concurso interno de acoplamento.
5. Informar as propostas de adaptación ao posto.

Quinta.- Resolución provisoria de admitidos/excluídos e puntuacións.

Expirado o prazo de presentación de solicitudes e rematada a fase de baremación, o órgano convocante fará pública nos taboleiros de anuncios do complexo hospitalario a resolución provisoria do concurso interno de acoplamento derivado da aplicación do baremo que se recolle como Anexo III da presente Resolución.

A resolución provisoria incluírá as listaxes dos aspirantes admitidos á convocatoria segundo a orde de puntuación obtida en base aos méritos acreditados



así como os aspirantes excluídos indicando, neste suposto, a causa da súa exclusión.

Os concursantes así como os aspirantes excluídos disporán dun prazo de quince días naturais, a contar desde a indicada publicación, para formular as reclamacións contra a mesma, mediante escrito debidamente fundamentado, dirixido á Comisión Mixta de Baremación do acoplamento de persoal de xestión e servizos.

Sexta.- Resolución definitiva de admitidos/excluídos e puntuacións.

As reclamacións formuladas contra a resolución provisoria serán estimadas ou desestimadas pola Comisión Mixta, que elevará a proposta definitiva ao Xerente Xeral do complexo, quen resolverá a súa publicación de conformidade coa mesma. A estes efectos, a estimación ou desestimación das reclamacións presentadas entenderanse implícitas nesta publicación.

Sétima.- Adxudicación.

A adxudicación dos postos ofertados levarase a cabo segundo a orde de maior a menor puntuación acadada polos aspirantes, consonte o baremo que figura como Anexo III da Resolución de convocatoria.

Os aspirantes serán chamados por rigorosa orde de puntuación, para poder escoller entre as prazas ofertadas que queden vacantes no momento no que deban exercer o seu dereito de opción. Os postos adxudicados serán irrenunciabes.

Os traballadores que obteñan a adscrición a un novo posto de traballo no concurso interno de acoplamento non poderán participar nun novo procedemento de axuste interno, no prazo de dous anos a partir da data de resolución deste.

Oitava.- Resolución definitiva do acoplamento.



Rematada a fase de elección de destino, o órgano convocante publicará nos taboleiros de anuncios do complexo a resolución pola que se declara rematado o procedemento de acoplamento interno facendo públicos os destinos adxudicados.

Contra a citada Resolución, os interesados poderán interpoñer recurso de alzada ante a División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional do Servizo Galego de Saúde, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación.

Novena.- Incorporación ao posto de traballo.

As incorporacións aos postos de traballo adxudicados serán efectuadas pola Dirección de Recursos Humanos tendo en conta as características dos servizos/unidades e procurando non menoscabar o seu normal funcionamento.

A incorporación efectuarase, en todo caso, no prazo máximo de seis meses a contar desde a publicación nos taboleiros de anuncios do Complexo da Resolución da Xerencia Xeral pola que se declara rematado o procedemento de acoplamento e se fan públicos os destinos adxudicados.

O/a traballador/a incorporarase na quenda de traballo que teña asignada o posto adxudicado no momento en que aquela teña lugar; tendo a citada quenda un carácter meramente referencial ou conxuntural, sen que se derive ningún dereito para o/a traballador/a, por mor da súa participación no procedemento de acoplamento, ao mantemento da quenda asignada; que poderá ser modificada pola Dirección dentro das súas potestades de autoorganización.

Os profesionais que obteñan un posto de traballo, dos recollidos no Anexo IV, consonte ao presente procedemento, terán dereito á permanencia no mesmo. Non obstante, poderán verse afectados polos cambios organizativos que a Dirección precise acometer nas diferentes unidades ou servizos e demais causas legais previstas. Os axustes no cadro de persoal das unidades ou servizos afectados



efectuarase segundo o procedemento e criterios consensuados entre a Dirección e os representantes do persoal.

Décima.- Adaptación ao posto.

No suposto de notoria falla de capacidade funcional acreditada para exercer o posto ao que se optou, que se acreditará, alomenos, con informe do xefe superior inmediato e o visto e prace da Dirección correspondente; a Dirección previo trámite de audiencia ao interesado, consultados os representantes dos traballadores, poderá adxudicarlle un novo posto, podendo optar o interesado entre os que se atopen vacantes dos ofertados ou retornar ao posto anterior se este o ocupaba como acoplado. En ningún caso se considerará acoplado en ningún dos postos.

Non se poderá aplicar o presente procedemento se transcorreron máis de seis meses desde o efectivo desempeño do posto de traballo.

Décimo primeira.- Postos ocupados por causa de saúde.

Todo aquel persoal que na data de publicación da convocatoria veña desenvolvendo con posterioridade ao 2 de decembro de 2003 as súas funcións, por motivos de saúde, nun dos postos ofertados, a medio de resolución provisoria ou por adscrición sen resolución, estará obrigado a participar no procedemento de acoplamento interno solicitando, alomenos, a correspondente praza ou posto de traballo que vén desenvolvendo. O incumprimento desta obriga, segundo o disposto no artigo 7 da Orde do 16 de setembro de 2008 (DOG nº 189, do 30 de setembro) suporá a revogación automática do destino provisional, que será posta en coñecemento da UPRL para os efectos de que, con carácter previo, asesore técnicaamente sobre a nova localización provisional do persoal afectado.

Ao traballador/a que non resulte adxudicatario/a no acoplamento, de ningunha localización, e previa valoración da Unidade de Prevención de Riscos Laborais do Área, consonte ao procedemento para a adscrición de postos e condicións de traballo por razóns de protección de saúde regulado na Orde anteriormente



mencionada, adxudicáraselle unha localización provisoria compatible cos requirimentos de saúde do profesional.

Décimo primeira.- Regra de desempate.

No caso de empate ao remate da fase de baremación, e de opción por un mesmo posto dos ofertados por dous ou máis traballadores, resolverase a favor do traballador con maior antigüidade acreditada no Complexo. De continuar o mesmo, resolveríase a favor do traballador/a que acredite unha maior puntuación nos distintos apartados do baremo, segundo a orde recollida no Anexo III.

Décimo segunda.- Áreas especiais.

No Servizo de Mantemento, os solicitantes poderán optar a postos de traballo da súa mesma categoría ubicados en diferente hospital sempre que as condicións singulares destes postos de traballo así o permitan.

No Servizo de Cociña, os solicitantes poderán optar a postos de traballo da súa mesma categoría ubicados en diferente área (Producción, Distribución e Almacén) e/ou diferente hospital. Dentro da Distribución, determinaranse os postos por plantas.

Os profesionais das categorías de lavandeira e pasadora de ferro poderán optar, indistintamente, con independencia da categoría de pertenza, ás localizacións ofertadas en ambas categorías.

Disposición derradeira.

A convocatoria e cantos actos administrativos deriven dela e da actuación da Comisión Mixta poderán ser impugnados nos casos previstos e na forma establecida pola Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.



ANEXO II
MODELO DE SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PROCEDIMENTO DE
ACOPLAMENTO INTERNO DE PERSOAL DE XESTIÓN E SERVIZOS

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NA CONVOCATORIA DE ACOPLAMENTO INTERNO DE PERSOAL DE XESTIÓN E SERVIZOS, DE CONFORMIDADE COA RESOLUCIÓN DA XERENCIA XERAL DO CHUS DO 9 DE FEBREIRO DE 2009.

REXISTRO DE ENTRADA

APELIDOS		NOME	
DNI	CATEGORÍA		
DOMICILIO		LOCALIDADE	
PROVINCIA	TELÉFONO		

E X P Ó N :

Que publicada a Resolución da Xerencia Xeral do Complexo Hospitalario de Santiago do 9 de febreiro de 2009, pola que se convoca acoplamento interno para persoal de xestión e servizos, e reunindo os requisitos necesarios,

S O L I C I T A :

Sexa admitida a presente solicitude de participación no procedemento convocado.

Documentos e declaración que xunta a esta solicitude:

- Copia simple do DNI, pasaporte ou documento que acredite a identidade do solicitante.
- Orixinais ou copias compulsadas dos méritos aportados. De non achegalos non serán valorados.

En Santiago, a _____ de _____ de 2009

Asdo.:

SR. XERENTE XERAL DO COMPLEXO HOSPITALARIO DE SANTIAGO



ANEXO III
BAREMO DE MÉRITOS

1) ANTIGÜIDADE:

Servizos prestados con carácter fixo nas institucións sanitarias da Seguridade Social na mesma categoría que a praza que se solicita.	1 punto por ano completo (fraccionable en meses)
Servizos prestados con carácter temporal nas institucións sanitarias da Seguridade Social na mesma categoría que a praza que se solicita.	0,50 puntos por ano completo (fraccionable en meses)
Servizos prestados con carácter fixo nas institucións sanitarias da Seguridade Social noutras categorías distintas da praza que se solicita.	0,20 puntos por ano completo (fraccionable en meses)
Servizos prestados con carácter temporal nas institucións sanitarias da Seguridade Social noutras categorías distintas da praza que se solicita.	0,10 puntos por ano completo (fraccionable en meses)

Os méritos valoraranse até o día inmediatamente anterior á publicación da convocatoria. Só se valorarán os méritos acreditados documentalmente durante o prazo de presentación de solicitudes.

Os períodos de tempo transcorridos no desempeño de postos de libre designación, computaranse a efectos de acoplamento, como tempo de permanencia no posto base.



2) CONTINUIDADE NO POSTO.

Unha vez transcorridos dous anos de permanencia no mesmo posto de traballo como profesional fixo ou con praza en propiedade da categoría ou clase á que se opta no Complexo:

0,10 puntos por cada mes de servizos prestados ou fracción superior aos 15 días.
--

3) FORMACIÓN:

Pola asistencia debidamente xustificada a cursos de formación e perfeccionamento convocados e impartidos pola Administración Estatal, Autonómica, Universidade, Inem, Cruz Vermella e Colexios Profesionais ou acreditados polos Organismos competentes, sempre que teñan un contido relacionado coas funcións propias da categoría na que se presentan, a razón de:

Até 9 horas	0,10 puntos
De 10 a 19 horas	0,15 puntos
De 20 a 40 horas	0,50 puntos
De 41 a 60 horas	0,80 puntos
De 61 a 200 horas	2 puntos
De 201 en diante	3 puntos

Naqueles supostos nos que os cursos figuren reflectidos en créditos, previa conversión dos mesmos nas horas ás que equivallan, segundo a correspondente documentación aportada, aplicarase para a súa valoración a escala precedente.

MÁXIMO: 4 PUNTOS



4) GALEGO:

Curso de iniciación ou CELGA 3	0,50 puntos.
Curso de perfeccionamento ou CELGA 4	1,00 puntos.

As valoracións do curso de galego consideraranse excluíntes entre sí. Só se valorarán os certificados acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega expedidos ou debidamente homologados polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia (Orde do 16 de xullo de 2007. D.O.G nº 146, do 30 de xullo).

5) PRESENTACIÓN DE RELATORIOS, CONFERENCIAS OU COMUNICACIÓNS:

0,25 puntos por cada unha.

Máximo: 1 punto



ANEXO IV
RELACIÓN DE PRAZAS OFERTADAS NO
CONCURSO INTERNO DE ACOPLAMENTO PARA PERSOAL DE XESTIÓN E
SERVIZOS

ADMINISTRATIVO			
CENTRO	UNIDADE – SERVIZO	QUENDA	TOTAL
Clínico	Admisión Cita	M	1
	Endocrinoloxía	M	1
	Mantemento	M	1
	Metaboloopatías	M	1
	Microbioloxía	M	1
	Neuroloxía	M	1
	Subministracións	M	1
	Apoio Área Administrativa	M	1
Total Clínico			8
Conxo	Admisión Citas	M	1
Total Conxo			1
Total ADMINISTRATIVO			9

AUXILIAR ADMINISTRATIVO			
CENTRO	UNIDADE-SERVIZO	QUENDA	Total
CDT	Admisión Cita Cdt	M	1
		T	1
Total CDT			2
Clínico	Admisión	M	3
		T	2
	Admisión Lista Espera	M	1
	Admisión Cita CardioloXía	M	1
	Admisión Cita Planta 0	M	3
		T	1
	Admisión Cita Planta 1	M	1
	Admisión Cita Planta -1	M	2
		M	1
	Admisión Cita Planta 1 ORL	M	2
	Admisión Cita Planta 2	M	1
	Admisión Cita Planta 2 GIN	M	3
	Admisión Cita RadioloXía	M	2
	Anatomía PatolóXica	M	4
		T	2
	Arquivo	M-T	17
	Banco de Sangue	M	1
Biblioteca	T	1	
CirurXía Xeral	M	1	
Contabilidade	M	1	



	Contratación Administrativa	M	1
	Dixectivo	M	1
	Endoscopias	M	1
	Farmacia	M	2
	Hematoloxía	M	1
	Laboratorio	M	2
	Medicina Nuclear	M	1
	Metabolopatias	M	1
	Microbioloxía	M	2
	Neurocirurxía	M	1
	Oncoloxía	M	3
	Preanestesia/Urxencias	M	1
	Protección Radiolóxica	M	1
	Radioterapia	M	1
	Reanimación	M	1
	Rexistro	M	1
	Subministracións	M	1
	Uci Pediatría-Utab	M	1
	Uroloxía	M	2
Total Clínico			75
Conxo	Admisión Cita	M	3
	C.O.T.	M	1
	Endocrinoloxía	M	1
	Facturación	M	2
	Farmacia	M	1
	Oftalmoloxía	M	3
Total Conxo			11
Gil Casares	Cancro de mama	M	1
	Hado	M	1
	Laboratorio	M	1
	Medicina Interna	M	1
Total Gil Casares			4
Psiquiátrico	Enfermaría/Psicoxeriatría	M	1
	Psiquiatría	M	2
Total Psiquiátrico			3
Total AUXILIAR ADMINISTRATIVO			95



CELADOR			
CENTRO	UNIDADE-SERVIZO	QUENDA	Total
Hospital Clínico	Anatomía Patolóxica HCU	M	1
		M/T	2
	Arquivo Central	M	1
		T	3
	Celador CEX HCU	M	1
	Correquendas	M	1
		M/T/N	7
	Despertar HCU	M/T/N	6
	Diálise HCU	T	1
	Ecocardio + Varios HCU	M	1
	Endoscopias + Varios HCU	M	1
	Farmacia	M	1
	Hemodinámica HCU	M	1
	Hospital de Día HCU	M	1
	Medicina Nuclear	M	1
	Planta 1 HCU	M/T/N	3
	Planta 2 HCU	M/T/N	6
	Planta 3 HCU	M/T/N	17
	Planta 4 HCU	M/T/N	12
	Planta 5 HCU	M/T/N	9
	Porta/Información HCU	M/T	1
	Porta Urxencias HCU	M/T/N	4
	Quirófano HCU	M	5
		T/N	1
	Radiodiagnose HCU	M	3
		T	4
	Radioterapia HCU	M	1
	REA/UCI HCU	M/T/N	18
	Rehabilitación HCU	M	1
	RMN + Varios HCU	M	1
	Subministracións HCU	M	2
	UTAB/UCI Pediátrica. HCU	M	1
Unidade Coronaria	M/T	3	
Urxencias HCU	M/T/N	19	
Total Clínico			140
Gil Casares	Plantas HGC	M/T/N	8
	Psiquiatría HGC	M/T/N	3
Total Gil Casares			11
Conxo	Correo Externo HMC	M	1
	Planta 2 HMC	M/T/N	7
	Planta 3 HMC	M/T/N	7
	Porta/Información HMC	M/T	2



	Psiquiatría HMC	M/T/N	4
	Quirófano/Despertar HMC	T	1
	Quirófano HMC	M	4
	Radiodiagnose HMC	M/T	2
	Subministracións HMC	M	1
	Trauma/Cirurxía HMC	M/T/N	7
	UCI HMC	M/T/N	2
Total Conxo			38
Psiquiátrico	Porta/Información HPC	M/T/N	2
	U.A.E. HPC	M+T	3
Total Psiquiátrico			5
Total Celador			194

CONDUTOR			
CENTRO	CATEGORIA	QUENDA	Total
Clínico	Condutor Correo CHUS	M	1
Conxo	Condutor Farmacia HMC	M	1
Total Condutor			2

COCIÑA			
CENTRO	CATEGORIA	QUENDA	Total
Clínico	Pinche/Almacén	M/T	1
	Pinche/Área Distribución	M/T	9
	Pinche/Producción	M/T	12
Conxo	Pinche/Área Distribución	M/T	3
	Pinche/Área Producción	M/T	16
	Condutor (almacén-reparto comidas intercentros)	M/T	1
	Pinche (almacén-reparto comidas intercentros)	M/T	2
Gil Casares	Pinche/Área Distribución	M/T	1
Clínico	Cociñeiro/a	M/T	7
Conxo	Cociñeiro/a	M/T	5
Total Cociña			57

LENZARÍA			
CENTRO	CATEGORIA	QUENDA	Total
Clínico	Gobernanta	M	1
	Pasadora de ferro	M/T	4
	Lavandeira	M/T	1
	Costureira	M	2
Total Clínico			8



Conxo	Axudante Sanitario	M	1
	Pasadora de ferro	M	1
Gil Casares	Pasadora de ferro	M	1
Psiquiátrico	Lavandeira	M	4
Total Conxo			7
TOTAL Lenzaría			15

HOSTALARÍA			
CENTRO	CATEGORIA	QUENDA	Total
Clínico	Gobernanta	M/T	1
Conxo	Gobernanta	M	1
TOTAL Hostalaría			2

PERRUQUEIROS/AS			
CENTRO	CATEGORIA	QUENDA	Total
Clínico	Perruqueiros/as	M/T	2
Psiquiátrico	Perruqueiros/as	M	1
TOTAL Perruqueiros/as			3

CARPINTEIROS/AS			
CENTRO	CATEGORIA	QUENDA	Total
Clínico	Carpinteiros/as	M	4
Psiquiátrico	Carpinteiros/as	M	2
TOTAL Carpinteiros/as			6

ELECTRICISTAS			
CENTRO	CATEGORIA	QUENDA	Total
Clínico	Electricista	M/T/N	5
TOTAL Electricistas			4

FONTANEIROS			
CENTRO	CATEGORIA	QUENDA	Total
Clínico	Fontaneiro	M/T	3
TOTAL Fontaneiros/as			3



MECÁNICOS			
CENTRO	CATEGORIA	QUENDA	Total
Clínico	Mecánico	T	1
TOTAL Mecánicos			1

ALBANEIS			
CENTRO	CATEGORIA	QUENDA	Total
Clínico	Albanel	M	2
TOTAL Albaneis			2

